



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional

Modelo MD85ORI05

Plan Xeral de Atención á Diversidade

Curso: 2023 - 2024

CIFP: De Vilamarín



Índice

1	Xustificación baseada no contexto.....	3
2	Identificación e valoración das necesidades.....	3
3	Determinación dos obxectivos.....	3
4	Descrición das actuacións, as medidas e os programas para a atención á diversidade.	3
5	Determinación dos criterios para a organización e a distribución dos recursos, e a aplicación das medidas propostas.....	3
6	Concreción das actuacións de profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.....	3
7	Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.....	3
8	Canles de colaboración coas nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal do alumnado, e cos servizos externos ao centro.....	3
9	Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.....	3
10	Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.....	4

1 Xustificación baseada no contexto

Centro en entorno rural, con oferta de ciclos das familias de Hostalaría e Turismo e de Industrias Alimentarias en ciclos de FPB, Medios e Superiores, tanto en Ordinario como Persoas Adultas, DUAL. O alumnado é moi diverso, cun crecente número de alumnado con necesidades educativas especiais, diversos temas de saúde mental (depresións, ansiedade,...) así como alumnado en transición de cambio de sexo, alumnado interno en centros de menores, persoas adultas con necesidades de apoio académico. Este ano contamos cun alumno de Ucraia, con dificultades co idioma escrito.

Agás pequenos conflitos, o ambiente do Centro é moi positivo, traballando todos na procura dun ambiente de boa convivencia, resiliencia, autocontrol emocional, compañerismo,... todas elas importantes capacidades no desenvolvemento das funcións laborais das nosas familias profesionais.

Entendendo a atención á diversidade como o recoñecemento das diferenzas entre os alumnos por factores persoais e sociais, isto implica o desenvolvemento dunha resposta educativa/persoal moi complexa, aberta a todos os alumnos, flexible organizativa e curricularmente participativa, tendente ao cambio e a mellora, loita contra a exclusión e combate a discriminación.

2 Identificación e valoración das necesidades

Atopamos diversas formas de identificación e valoración das necesidades:

- Entrevistas ao alumnado que solicitan praza poña quenda de persoas con discapacidade
- Entrevistas con familias/titores legais de alumnado con algunha necesidade
- Entrevistas co alumnado maior de idade
- Avaliacións iniciais do profesorado tutor
- Consulta da documentación dos centros de referencia do alumando de FPB

3 Determinación dos obxectivos

- Garantir unha resposta educativa o mais individualizada posibles segundo as necesidades detectadas
- Previr posibles casos de acoso no marco das necesidades detectadas
- Traballar conceptos como autoestima, autocontrol, resiliencia
- Asesorar ao alumnado (menor ou maior de idade) en temas relacionados co estudo, como hábitos e técnicas de estudo.
- Ofrecer información sobre saídas académicas/profesionais segundo necesidades detectadas
- Colaborar con profesionais, organismos,... para garantir a mellor resposta posible ao noso alumnado

4 Descrición das actuacións, as medidas e os programas para a atención á diversidade

- Programa de Habilidades Sociais e Autoestima
- Mediación



5 Determinación dos criterios para a organización e a distribución dos recursos, e a aplicación das medidas propostas

A actuación deste Departamento xira en torno a principios de inclusión, igualdade e o fomento do autocontrol emocional, resiliencia, tolerancia á frustración.

6 Concreción das actuacións de profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro

- Xefatura de Estudos, titores, equipo docente en xeral: detección e colaboración de condutas disruptivas
- UACO: axuda ao DIOP naqueles casos nos que sexa necesario a súa actuación, segundo consenso do DIO, UACO e/ou Xefatura de Estudos
- DIOP: contacto co alumnado, familias/titores legais e calquera outros profesionais ou organismos

7 Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición

- Reunións periódicas co profesorado titor durante todo o curso, para o seguimento das necesidades detectadas e posible detección de novas
- Reunións periódicas coa Xefatura de Estudos para comentar temas relacionados coa convivencia no centro
- Contacto con orientadores/as de centros de referencia no caso do alumnado de FPB ou de alumnado menor de idade previa autorizacións das familias/titores legais

8 Canles de colaboración coas nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal do alumnado, e cos servizos externos ao centro

- O profesorado titor preferentemente terá contacto directo coas familias/titores legais a través do Programa ABALAR, contacto telefónico, correo electrónico, reunións
- Contacto do DIOP coas familias/titores legais segundo necesidade, contacto telefónico, correo electrónico, reunións
- Contacto do profesorado titor e/ou DIOP con organismos, servizos externos segundo necesidade, contacto telefónico, correo electrónico, reunións

9 Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

A principios de curso, reunión co profesorado titor e/ou equipo docente (así como co alumnado e/ou familias/titores legais para determinar a conveniencia de solicita medidas extraordinarias

- Realización dunha avaliación psicopedagóxica para xustificar as medidas extraordinarias

10 Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan

- Reunións periódicas co profesorado titor, equipo docente, alumnado e/ou familias/titores legais para comentar avances e posibles melloras na resposta académica/persoal do DIOP/Centro
- Buzón de suxestións (físico e/ou virtual)
- Correo de envío de aviso de posibles situacións de acoso para facilitar un primeiro contacto co DIOP